



BAREMO PARA PONDERAR A FORMACIÓN RECIBIDA E ANTIGÜIDADE NA ADMINISTRACIÓN PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS NA EGAP

Desenvolvendo a Resolución de 4 de xaneiro de 2008 na que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da EGAP, no que atinxe ao punto 4º dos criterios xerais de selección, establécese un baremo para ponderar as horas de formación recibidas ou recoñecidas pola EGAP nos últimos dous anos, coa antigüidade na Administración.

O baremo consta de 100 puntos e aplicaranse do seguinte xeito:

- 1.-Horas de formación:
 - Máximo de 60 puntos no caso de non ter recibida ningunha formación nos dous últimos anos, puntuación que irá decrecendo gradualmente ata acadar os 0 puntos no caso de ter recibido 240 horas ou máis de formación nos dóus últimos anos nas actividades formativas da EGAP.
 - Aos efectos deste cómputo dos dous anos naturais tomaranse como datas de referencia a data inicial do prazo de matrícula e como data final a data do último día dos cursos realizados ou homologados.
- 2.-Antigüidade
- 2.1.-5 puntos por cada trienio ata un máximo de 8 trienios.
- 2.2.-Cando se trate de persoal do que non se teñan datos relativos aos trienios, calcularase do seguinte xeito:

Cinco tercios da puntuación asignada a cada trienio por ano completo traballado ata un máximo de 24 anos de antigüidade.

Ademais, e conforme ao punto 4º dos criterios específicos da devandita resolución, haberá unha puntuación adicional dun 20% para aquelas persoas que estean gozando ou gozasen, nos dous últimos dous anos de:

- -Licenza de maternidade
- -Permiso de paternidade
- -Reducción de xornada ou excedencia para o cuidado de familiares.